



A NOSA BIBLIOTECA PARTICIPA NO PROGRAMA LECTURA E FAMILIAS

Enviado por [admin](#) [1] o Xov, 02/03/2022 - 10:18

[Animación á lectura](#) [2]

A biblioteca do CEIP López Ferreiro, foi seleccionada pola Dirección Xeral de Centros da Consellería de Educación, para participar no programa *Lectura e familias* [3].

Deste xeito, poderemos sistematizar actividades que se viñan desenvolvendo no centro, e sobre todo, crear un espazo colectivo e dinámico de recursos e servizos, de promoción de actitudes reflexivas e críticas, de articulación de materiais e de procesos pedagóxicos, para ofrecer un espazo de formación e información.



Comezaremos esta proposta integradora mediante *teatro musical con Paco Nogueiras* o **mércores 16 de febreiro ás cinco da tarde**. A partires do seu espectáculo *Extra*, [4] baseado no libro-CD do mesmo título editado por Kalandraka, achegarémonos ao mundo da prensa escrita por medio da música. A continuación realizaremos un coloquio sobre como introducir o mundo xornalístico entre as propostas lectoras (e escritoras) das nosas nenas e dos nosos nenos.

Ademais, xa podemos confirmar que o 9 de marzo, o noso club de lectura vaise trasladar á **Casa Grande do Pozo en Compostela (Sede Afundación** na Rúa do Vilar) para coñecer a exposición INDÓMITAS e onde tamén realizaremos un obradoiro de escritura creativa.

E para o mes de marzo...Ás familias e ao profesorado vailles tocar practicar a lectura en voz alta con Charo Pita!

De todas estas propostas, e da maneira de inscribirse, enviarase información por correo electrónico. Seguro que resultan de interese para a nosa comunidade educativa. Só é necesario participar!!!



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/457>

- Links:
- [1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>
 - [2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/33>
 - [3] https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_lecturaefamilias_2021_22_asinada.pdf
 - [4] <https://kalandraka.tv/videos/extra-paco-nogueiras/>